

BANDO

DON M. ÁNGEL LEIS MÍGUEZ , ALCALDE ACCIDENTAL DO CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA).

FAI SABER:

Que na **ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE NEGREIRA** está aberto o prazo para a renovación de matrícula de nen@s para o curso 2.018-2.019 e para a solicitude de novo ingreso de nen@s para o curso 2.018-2.019.

RENOVACIÓN DE MATRÍCULA.

Ábrese o prazo de renovación de matrícula para o curso 2.018-2.019 dos alumn@s da Escola Infantil Municipal de Negreira que xa asistiron durante o curso 2.017 -2.018.

PAZO: do 1 ó 15 de Abril.

LUGAR: Rexistro Xeral do Concello de Negreira en horario de 9 a 14 h.

DOCUMENTACIÓN: . última declaración da renda dos pais.

.xustificación da situación laboral (actual) dos pais .

. calquera outra circunstancia que varíe a situación socio -familiar.

(Os nen@s que solicitan renovar a praza só poderán reservar no mesmo horario na que a tiñan concedida no curso anterior. No caso de que desexen solicitar unha praza en horario distinto terá que presentarse a solicitude de novo ingreso para, deste xeito, ser novamente baremada).

SOLICITUDE DE NOVO INGRESO.

Ábrese o prazo de inscrición de nen@s de 0 a 3 anos na Escola Infantil Municipal para o curso 2.018-2.019.

PAZO: do 1 ó 30 de Abril.

LUGAR: Rexistro Xeral do Concello de Negreira en horario de 9 a 14 h.

DOCUMENTACIÓN: . solicitude de novo ingreso.

a) Documentación acreditativa da situación familiar:

- volante de convivencia.
- fotocopia compulsada do libro de familia íntegro
- fotocopia DNI do pai e da nai
- no caso de familia numerosa, a fotocopia do título de familia numerosa
- a fotocopia da senteza de separación ou divorcio, no seu caso
- no caso de acollemento do menor, o documento que o xustifique
- no caso dalgunha deficiencia ou enfermidade alegada polos membros da unidade familiar, o certificado expedido polo organismo competente
- no caso de nen@s con algunha deficiencia física, psíquica ou sensorial o certificado expedido polo organismo competente
- no caso de nen@s con necesidade específica de apoio educativo ou integración, o informe do equipo de valoración e orientación da delegación territorial

b) Documentación acreditativa completa da situación socioeconómica e laboral da unidade familiar:

- a fotocopia da última nómina ou informe da vida laboral , ou no seu caso, a certificación acreditativa do INEM de estar en situación de desemprego con percepción ou non de prestacións de todos os membros da unidade familiar
- no caso de persoas que presentaron a declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas, a copia da última declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas da unidade familiar. En caso de declaracións individuais, a copia da declaración de cada persoa da unidade familiar obrigada a declarar.
- no caso de persoas que non presentaron declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas:
 - .- copia da comunicación da Axencia Estatal de Administración Tributaria da devolución rápida
 - .- as persoas non obrigadas a declarar e que non solicitaran a devolución rápida presentarán a documentación que conste no seu poder e que poida demostrar dalgún xeito os seus ingresos (pagos aprazados,...)
- a fotocopia de certificados de pensións de membros da unidade familiar, etc
- a declaración xurada doutros ingresos que non aparezan na declaración do IRPF, ou declaración xurada de non percibilos .

c) No caso de vítimas de violencia de xénero, acreditarase por medio de calquera dos seguintes documentos:

- a certificación da orde de protección ou da medida cautelar ou a copia autenticada desta
- a senteza de calquera orde xurisdiccional, que declare que sufriu violencia en calquera das modalidades definidas na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero
- a certificación e/ou informe dos servizos sociais e /ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local
- a certificación dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local
- o informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia
- o informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social

d) Outros documentos, nos que consten incidencias familiares, económicas e sociais puntuadas no baremo ou informe de servizos sociais sempre que sexa necesario por falla de acreditación documental suficiente ou pola situación especial na que vive a unidade familiar.

“O que se fai público para xeral coñecemento”.

Negreira, 28 de marzo de 2.018.

O ALCALDE ACCIDENTAL.

M. Ángel Leis Míguez